



Prezado/a gandeiro/a:

O sector lácteo, do que vostede é un piar fundamental, é un sector estratéxico para o medio rural de Galicia. Achega o 1,7% do produto interior bruto da nosa comunidade, aínda que o seu impacto real na nosa economía é moi superior polo forte encadeamento con outras ramas de actividade económica. É un sector xerador de emprego e riqueza, que contribúe ao sostemento de moitas comarcas da nosa Galicia rural, preserva a paisaxe e contribúe a manter un territorio máis resiliente fronte aos incendios forestais.

Gracias ao voso esforzo por mellorar a xestión e o nivel técnico das vosas explotacións, hoxe Galicia é unha potencia na produción de leite: producimos case o 40% do leite do estado e estamos dentro das dez primeiras rexións produtoras de leite de Europa.

Con todo, o sector presenta algunhas debilidades que temos que ser quen de superar e prepararnos para afrontar novos retos, co obxectivo de seguir sendo competitivos e avanzar na xeración de valor engadido ao longo de todos os elos da cadea láctea, fundamental para a sostibilidade do conxunto do sector.

Conscientes desta realidade, desde a Consellería do Medio Rural estamos elaborando a “**Estratexia de Dinamización do Sector Lácteo Galego**” da que o quero facer partícipe persoalmente. Esta estratexia ten por obxectivo sentar as bases para o fortalecemento do sector, e persigue acadar, entre outros, os seguintes obxectivos:

- ✓ **Avanzar cara a unha produción sustentable** desde o punto de vista social, ambiental e económico.
- ✓ **Aumentar a capacidade de industrialización en Galicia** do leite producido no noso territorio.
- ✓ Incrementar o peso das **Denominacións de Orixe de queixo na transformación láctea**.
- ✓ **Mellorar o acceso** dos produtos lácteos **aos mercados nacionais e internacionais**.
- ✓ **Avanzar na xeración de valor** en todos os elos da cadea.
- ✓ **Mellorar a imaxe e o recoñecemento social** dos gandeiros.
- ✓ **Mellorar a promoción do leite Galego** naqueles mercados aos que se dirixe.
- ✓ **Mellorar os mecanismos de remuda xeracional** para evitar que pechen explotacións rendibles por falta de sucesión.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

galicia

- ✓ **Adequar a oferta formativa ás necesidades das explotacións**, co fin de mellorar as condicións de vida e de traballo dos seus titulares.
- ✓ **Implantar mecanismos que permitan mobilizar a terra produtiva** para que as explotacións dispoñan da base territorial axeitada ás súas necesidades.

Para isto, levamos varios meses traballando en diversas mesas nas que participan gandeiros e asociacións de gandeiros, representantes de cooperativas, de industrias lácteas con presenza en Galicia, da distribución, de sindicatos agrarios, así como de outras organizacións e entidades relacionadas co sector lácteo. Achégolle para o seu coñecemento, resumo das reunións que tiveron lugar ata o momento, así como do plan de traballo para a elaboración da estratexia.

O obxectivo destas mesas é o de deseñar unha estratexia compartida polo conxunto do sector, que contribúa ao seu fortalecemento para que continúe sendo motor de desenvolvemento económico, xerador de valor engadido, investimento e emprego nos espazos rurais de Galicia.

A procura dunha estratexia de carácter participativo e que sirva aos seus intereses motiva que, ademais destas mesas, vaíamos a iniciar un procedemento de enquisas a unha mostra representativa dos gandeiros galegos. Estas enquisas terán por obxecto detectar outras preocupacións/inquietanzas do sector, distintas das que xa están sendo obxecto de análise, co fin de telas en conta aos efectos de elaborar e completar a estratexia.

No caso de resultar seleccionado para a realización da enquisa, agradézolle por anticipado a súa colaboración, que considero esencial para o adecuado desenvolvemento da Estratexia de Dinamización do Sector Lácteo Galego. Asemade, manterémolo informado dos avances da estratexia, ben por este mesmo medio ou ben por medios dixitais.

Sen outro particular, reciba un cordial saúdo,



José González Vázquez
Concelleiro do Medio Rural

Santiago de Compostela, a 10 de outubro de 2019



Xacobeo 2021